

Resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se acumula unha praza da quenda de concurso á quenda de oposición libre, do proceso selectivo para o ingreso e acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde do 5 de outubro de 2021.

Mediante a Orde do 5 de outubro de 2021 (Diario Oficial de Galicia núm. 204, de 22 de outubro) convocouse o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre e concurso.

A convocatoria incluía unha praza pola quenda de mobilidade (concurso) no Concello de Tui.

O tribunal nomeado por Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) e de acordo co establecido nas bases da convocatoria acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución do 21 de marzo de 2022 pola que se publicaron as puntuacións definitivas da quenda de concurso do referido proceso selectivo.

A través de Resolución de 22 de marzo de 2022 convocouse ás persoas que figuran na resolución anterior na listaxe de aprobados e na listaxe de reserva ao acto de elección de praza. O dito acto ,celebrouse na sede da Agasp o día 24 de marzo de 2022.

Nese acto ningunha das persoas aspirantes aceptou a praza convocada pola quenda de concurso para o Concello de Tui.

Tras contactar con tódalas persoas aspirantes do proceso pola quenda de mobilidade, ningún dos aspirantes aceptou a adxudicación da praza do Concello de Tui.

Tal e como prevé a convocatoria no punto 1.2., as prazas non cubertas pola quenda de concurso acumularanse á quenda de oposición libre e serán publicadas a través de resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Agasp.

Con data 25 de marzo de 2022 a Dirección Xeral da Agasp comunicoulle ao Concello de Tui a opción prevista na convocatoria da acumulación da praza deserta á quenda de acceso libre.

Con data 4 de marzo o Concello de Tui manifesta a súa conformidade á acumulación da praza deserta da quenda de mobilidade ás prazas da quenda de acceso libre.

En atención a todo o anterior,



RESOLVO

Primeiro.: Acumular a praza convocada pola quenda de concurso para mobilidade no Concello de Tui á quenda de oposición libre.

Deste xeito, as prazas convocadas pola quenda de acceso libre son as que figuran no Anexo desta resolución.

A Estrada, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Agasp

Santiago Villanueva Álvarez

ANEXO

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escala	Categoría	Grupo	Procedemento de selección
A Coruña	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
A Pobra de Trives	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Betanzos	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Bueu	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Carballiño	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Fene	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Ferrol	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Foz	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Lugo	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Narón	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Nigrán	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición





O Barco de Valdeorras	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
O Grove	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
O Rosal	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Ordes	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Ortigueira	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Ponteareas	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Pontevedra	7	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Porto do Son	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Redondela	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Ribeira	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Salceda de Caselas	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Santiago de Compostela	9	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Sanxenxo	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Tomiño	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Tui	5	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Valdoviño	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Vilagarcía de Arousa	4	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Viveiro	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición
Total						71 prazas

